




Distancia: variable
Dificultade: baixa

CAMBRE, UN CONCELLO CON VALORES NATURAIS E HISTÓRICO-ARTÍSTICOS



Adela Leiro, Mon Daporta
Xaneiro 2026

O concello de Cambre ocupa unha superficie de 40,67 km² no centro da comarca da Coruña. O territorio é de releve suave sen apenas elevacións que destaquen. A maior parte está ocupado polos vales dos ríos Mero e os seus afluentes Barcés, Valiñas e Gándara. As principais actividades son os servizos, a industria e a construción.

Acolle importantes espazos naturais na contorna dos ríos Mero e Barcés, protexidos no LIC “Encoro de Cecebre”.

Tén un rico patrimonio histórico-artístico (castros, petroglifos, pazos, restos romanos, igrexa de Santa María de Cambre) e etnográfico (hórreos, muíños...).



Ábside da igrexa románica (século XII) de Santa María de Cambre. Formou parte dun mosteiro fundado no século IX polos Templarios.



PERCORRIDO

Podemos atopar varios motivos para achegarnos a Cambre entre outros: percorrer o tramo final do curso do río Mero, entre a ponte do Burgo e o encoro de Cecebre, chan, acondicionado, con sombra e que se pode facer en calquera época do ano; visitar a vila para coñecer os seus monumentos – a igrexa de Santa María, monumental, románica, e o espazo da vila romana, musealizado-; ou facer un percorrido para coñecer os numerosos muráis que, a razón do Cromático Fest, se foron estendendo por todo o concello, entre os que se atopan pezas de calidade recoñecida mundialmente, aínda que non é doado atopalos todos, nós non atopamos información suficiente para facelo, é posible ver, e gozar, das principais concentracións dos mesmos (na propia vila, na urbanización da Barcala e no Temple e o polígono do Graxal).




Museo da Vila Romana



Interior e portada da igrexa románica (século XII) de Santa María de Cambre.

Ponte do Burgo, na desembocadura do Mero. Construído no século XV sobre os restos dunha ponte romana. Destruído parcialmente polos ingleses e restaurado no século XIX.





LIC ENCORO DE CECEBRE


É un encoro construído en 1976 para o abastecemento de auga potable á Coruña. O espazo protexido comprende o encoro, áreas da súa ribeira e parte dos cursos dos ríos Mero e Barcés.

No encoro de Cecebre inverte unha importante comunidade de aves acuáticas. Tamén é un dos espazos galegos onde viven máis especies invasoras: carpíns, gambusias, sapocunchos de Florida, visóns americanos...



Muíño de Peiraio no río Mero. Bibres





Nove Noel

Algúns muráis que
podemos atopar na vila
de Cambre



Alegía del Prado



Yoseba Muruzábal



Silm Safont

Algúns muráis na Barcala



Nove Noel



Mr Thomas



Edu Goás


Algúns muráis no Graxal



Ru8icom-Sef McCreight



Socram



Iria Fafián